

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN ORDINARIA DO 21 DE SETEMBRO DE 2016**

A C T A

Ás 14:00 horas do día indicado, reúnense na sala común de e-meeting do mestrado os membros reseñados a continuación:

Asistentes (5):

Beatriz P. Comendador Rey, Natalia Caparrini Marín, Belén Riveiro Rodríguez , Mercedes Solla Carracelas e M^a Beatriz Vaquero Díaz.

Asiste con voz pero sen voto (1)



Domingo Rodríguez Teijeiro (coordinador TFM)

ORDE DO DÍA:

Informe da presidenta:

Cubríuse a matrícula en primeira convocatoria pero fai uns días escribiu Kevin Carrasco para anunciar que renunciaba por cuestións de conciliación. Ten que pagar unha cuota e mentres non o faga non se pode chamar ao seguinte da lista. Dende a Secretaría da Facultade vaise chamar aos dous seguintes da lista para que se queren acudan como voluntario; se non queren matricularse poderíamos abrir un novo prazo de matrícula para non quedarnos con menos de 20 estudantes.

En relación co profesorado do máster houbo dúas incidencias. Roberto Vázquez renunciou á súa praza de asociado e haberá que pagarlle como externo. Adolfo, contratado Marie Curie, ten que seguir figurando como externo (materia e media, polo tanto repercutirá nos orzamentos).



Nos primeiros días houbo incidencias a causa de materias pechadas, erros nos horarios. Hai que estar moi atentos para que non haxa novas renuncias.

1.- Aceptación da renuncia como membros da CAM dos profesores Álvaro Arizaga Castro e Cristina Montojo Santos.

A CAM acepta por asentemento a renuncia dos profesores Álvaro Arizaga Castro e Cristina Montojo Santos (ANEXO 1).

A coordinadora indica que é necesario decidir se a CAM debería incluír dous novos membros.

2.- Aprobación, se procede, do destino dos remanentes orzamentarios do curso 2015/2016.

Apróbase por asentemento a seguinte utilización dos remanentes:

1.- O remanente de 369,00 € [reservados para a frustrada liquidación do profesor Borja Conde] serán utilizados para o pago do profesorado da primeira parte do curso que ten que estar liquidado a finais do ano 2016.



2.- O remanente de 571 € [400 € reservados para bolsas de desprazamento non asignadas e 171 € para publicidade innecesaria] serán utilizados para gastos protocolarios destinados a un acto presencial en Nadal no que se entregarán diplomas aos egresados e unha reunión na que se tratarán entre outros temas as posibilidades de visibilizar os seus traballos fin máster.

3.- Aprobación, se procede, da asignación de titoras do Plan de Acción Titorial do curso 2016/2017.

A coordinadora expón que na proposta de asignación mantivo a do curso pasado sempre que foi posible e asignouse a si mesma o alumnado estranxeiro do presente curso.

Tamén indica que as titoras debemos enviar un mail explicando cal é noso cometido no PAT (cuestións académicas, dúbidas burocráticas) e cales os compromisos de asistencia do alumnado ás reunións de seguimento (enquisas).

Apróbase por asentemento o PAT do curso 2016/2017 (ANEXO 2).





4.- Aprobación, se procede, da proposta do borrador da nova Normativa de TFM (que se enviará á Xunta de Centro da Facultade de Historia para a súa aprobación).

A comisión discute os seguintes puntos da normativa:

- Asignación de liñas de investigación e temática: acórdase ofertar unicamente liñas de investigación.
- Formalización de prazos: acórdase que o alumnado debe solicitar con dez días de antelación a defensa do TFM, que en todo caso establecerase no calendario anual aprobado pola CA.
- Plaxio: acórdase incluír na normativa unha cláusula na que se estableza que se suspenderá calquera TFM no que se detecte un plaxio.
- Informe desfavorable: acórdase que no caso de existir un informe desfavorable do titor/a do TFM, a CAM non aprobará a súa defensa.
- Avaliación do TFM: acórdase desenvolver os items que deberán valorarse para cualificar o TFM.
- Inclusión da valoración do titor/a na cualificación do TFM: acórdase que o tribunal poderá decidir se inclúe ou non a valoración do informe do titor na cualificación do TFM.
- Actas: acórdase que sexa o coordinador do mestrado quen asine as actas dos TFMs solicitados que finalmente non se defendan e a acta conxunta do alumnado que non solicite a defensa.
- Titorización: o profesorado externo do mestrado pode ofertar e dirixir TFMs sempre e cando contén cun membro do profesorado da universidade que actúe como cotitor.

Acórdase que a coordinadora enviará un novo borrador que será enviado á secretaría da facultade coas aportacións dos membros da CAM para que o valoren os membros da Xunta de Centro.



5.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación do calendario da defensa do TFM da convocatoria adiantada do curso 2016/2017.

A obriga de ter todas as materias do mestrado aprobadas para defender o TFM aconsella adiar a convocatoria adiantada de defensa do curso 2016/2017 fixada para o 17 de outubro de 2016 ao mes de xaneiro de 2017.

Apróbase por asentimento solicitar aos tres estudantes que só teñen pendente o TFM para obter o título que nos permitan trasladar a convocatoria a finais de xaneiro, de forma que a defensa se produza unha vez entregadas as actas de todas as materias pendentes.

6.- Rolda de intervencións.

O coordinador do TFM Domingo Rodríguez Teijeiro manifesta o seu acordo co aprazamento do TFM ao mes de xaneiro de 2017.


Ourense, a 21 de setembro de 2016

A Coordinadora


Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria

Asdo. M^a Beatriz Vaquero Díaz



HTCO₃



MÁSTER EN VALORACIÓN,
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 10/11/2016.

A Secretaria,

Mª Beatriz Vaquero Díaz

ANEXO 1: Renuncia Cristina Montojo e Álvaro Arizaga



Renuncia_CAM_Cris
tina Montojo_Alvarc

ANEXO 2: Titoras PAT 2016/2017



PAT 2016-177
Titoras.pdf